

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Secretaría Xeral

Modificación Regulamento de medidas para a inclusión social

A N U N C I O

O pleno municipal, na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de maio de 2016, acordou a aprobación inicial da modificación do “REGULAMENTO MUNICIPAL DE MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN SOCIAL”, e dando conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente de referencia quedou sometido a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días desde a publicación no BOP nº 109 de 9 de xuño do 2016 para a presentación de alegacións. Transcorrido o antedito prazo e non presentándose alegación nin suxerencia ningunha, procedese á publicación íntegra da modificación do Regulamento para a súa entrada en vigor:

“...MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE MEDIDAS POLA INCLUSION SOCIAL

As modificacións recollidas na proposta ao Pleno do Concello de Oleiros son as seguintes:

Primeiro.- Engadir no **artigo 2**, a medida h) prestacións de apoio ao comedor escolar

Artigo 2.- As axudas que configuran as medidas pola inclusión social son:

- a) Prestacións de emerxencia social
- b) Bonos de alimentos
- c) Bonos de farmacia
- d) Prestacións de apoio á escolarización
- e) Redución nos prezos públicos de actividades municipais
- f) Campaña de Nadal
- g) Banco Solidario
- h) Prestacións de apoio ao comedor escolar

Segundo.- Engadir un novo título:

TITULO OCTAVO: DAS PRESTACIÓNS DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR

Artigo 40.- As prestacións de apoio ao comedor escolar son unha axuda económica de carácter finalista dirixida a colaborar no coste mensual da praza de comedor escolar nos centros públicos de Oleiros xestionados polas ANPAS, co fin de garantir a cobertura das necesidades básicas de alimentación dos menores, así como de conciliación familiar e laboral nas unidades familiares que cumpran cos requisitos socioeconómicos e familiares establecidos no presente título.

Estas axudas son incompatibles con aquelas outras que puidera percibir polo mesmo concepto por parte do Concello de Oleiros.

Artigo 41: O importe da axuda será do 95% do coste mensual do comedor escolar polos meses que se valore do curso escolar vixente nese momento. A unidade familiar asinará o compromiso de asumir o 5% restante dese coste mensual.

Excepcionalmente e de forma extraordinaria a axuda poderá ser do 100%, sempre e cando concorran circunstancias excepcionais a xuízo do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais. A dita excepcionalidade deberá quedar claramente acreditada no informe de valoración explicando pormenorizadamente os motivos aos que se debe a excepcionalidade.

De forma extraordinaria e ante situacións de urxencia que así o requira a axuda poderá ter carácter retroactivo, isto é, poderá empezar a acudir ao comedor antes de presentar a solicitude cando se teña constancia, polos datos que obren no poder de Servizos Sociais, que o/a menor será susceptible de ser beneficiario/a da prestación de apoio ao comedor escolar. Esta retroactividade non poderá ser superior a 15 días naturais ao momento de presentar a solicitude.

A duración da axuda será como máximo polo curso escolar no que se estea no momento da resolución.

Artigo 42: Ademais dos requisitos xerais, deberanse cumprir os seguintes requisitos específicos:

- Non ser beneficiario/a de ningunha outra axuda polo mesmo concepto.
- Non superar o límite de ingresos mensual establecido para estas axudas, unha vez descontados os gastos para aluguer ou pagamento de hipoteca da vivenda habitual nun máximo de 400€

Artigo 43: O límite de ingresos mensual será o mesmo que o utilizado para acceder á renda de integración social de Galicia recollida na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. (O 100% do subsidio Básico: 399,38) unha vez descontados os gastos adicados ao mantemento da vivenda habitual como se recolle no artigo anterior.

Membros unidade familiar	100% Subsidio Básico
1	399,38 €
2	473,93 €
3	537,83 €
4	591,08 €
5	644,33 €
6	697,58 €
7	718,88 €

Artigo 44: O pagamento destas axudas non se realizará nunca á persoa beneficiaria senón directamente ás ANPAS colaboradoras na xestión destas prestacións.

As ANPAS asinará un convenio individualizado, que se renovará anualmente, no que figuren como entidades colaboradoras e o seu compromiso de certificar, mensual ou trimestralmente, os/as menores beneficiarios/as destas prestacións así como os días que acudiron e o importe que debe transferir o concello para asumir eses gastos.

Neses convenios individualizados deberán figurar os datos de cada ANPA, os datos da conta bancaria á que realizar a transferencia, o prezo da praza do comedor escolar xestionado por eles así como outros datos que se consideren necesarios para a xestión destas prestacións.

Artigo 45: O procedemento de tramitación destas prestacións será o seguinte:

- Presentación das solicitudes por parte das persoas interesadas xunto coa documentación establecida con carácter xeral no artigo 5 deste regulamento.
- Valoración da solicitude, o que inclúe unha visita domiciliar e a emisión dun informe social coa proposta de concesión ou denegación.
- Consúltase coa ANPA a disponibilidad de prazas no comedor do centro ao que acude o/a menor para o que se solicita a prestación.
- No suposto de haber praza achégase á ANPA unha copia da resolución de concesión indicando a data na que se empezará a facer efectiva a asistencia ao comedor.
- No suposto de non haber praza se lle comunica á ANPA a necesidade de ocupar esa praza de comedor cando sexa posible.

Artigo 46: A familia do/a menor beneficiario/a da prestación de apoio ao comedor escolar deberá asinar un compromiso de colaboración cos servizos sociais municipais no que se inclúa a súa participación do 5% do coste de cada praza, de ser o caso, así como a aceptación das normas que rexen o servizo e estas axudas.

Terceiro.- engadir dous novos anexos:

ANEXO 3: MODELO DE CONVENIO COAS ANPAS

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE OLEIROS E A ANPA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR

No Concello de Oleiros, a de de dous mil dezaseis

REUNIDOS:

Dunha parte, en representación legal do **CONCELLO DE OLEIROS**, na súa calidade de concelleiro/a delegado de Servizos Sociais; doutra parte D/^a....., con D.N.I. nº....., en representación da ANPA....., na súa calidade de presidente/a.

Recoñecéndose ambas partes capacidade para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN:

O Regulamento de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros recolle no seu título VIII “**As prestacións de apoio ao comedor escolar**” que se definen como “unha axuda económica de carácter finalista dirixida a colaborar no coste mensual da praza de comedor escolar nos centros públicos de Oleiros xestionados polas ANPAS, co fin de garantir a cobertura das necesidades básicas de alimentación dos menores, así como de conciliación familiar e laboral nas unidades familiares que cumpren cos requisitos socioeconómicos e familiares establecidos no presente título”

Estas axudas xurden coa necesidade de reforzar este tipo de recursos que garantan o acceso ao comedor escolar daqueles menores que así o precisen, da forma mais áxil posible e liberar ás ANPAS do coste económico que lles supoñían anteriores medidas.

Para o desenvolvemento destas prestacións é fundamental a participación como entidades colaboradoras das ANPAS dos centros públicos que xestionan estes comedores e dos que son titulares.

Polo exposto, formúlase o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

I. A duración do presente convenio será a do curso escolar 201 – 201

II. O coste de praza comedor escolar para este curso é de € mensuais.

III. A ANPA..... comprométese ao seguinte:

a. A reservar, na medidas das súas posibilidades, prazas no comedor do seu centro para ser destinados ás/aos menores das familias beneficiarias destas axudas.

b. A garantir a igualdade de condicións destes menores no servizo de comedor que ás do resto dos comensais.

c. A facilitar o acceso ao comedor escolar ás/aos menores beneficiarias na data acordada co equipo técnico do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros.

d. A emitir ao Concello de Oleiros, nos primeiros 7 días naturais do mes, un certificado mensual ou trimestral, no que se especifique o nome e apelidos dos/as beneficiarios/as e o custe do servizo de comedor en función dos días de asistencia, tal e como se recolla no regulamento de cada centro.

e. A colaborar co equipo técnico do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros no seguimento dos/as menores beneficiarios/as destas axudas informando da súa evolución así como de ausencias reiteradas ou outro tipo de incidencias significativas.

IV. O Concello de Oleiros comprométese ao seguinte:

- a. Contactar e confirmar coa ANPA a dispoñibilidade de praza antes da concesión da axuda e de iniciar o servizo.
- b. Comunicar por escrito á ANPA a resolución de concesión da axuda, na que se indicará o nome e apelidos do/a beneficiario/a, dos seus pais ou tutores, o enderezo, un teléfono de contacto, o importe que asumirá o Concello de Oleiros do coste mensual do comedor e o importe que asumirá a familia, así o como o período para o que está prevista inicialmente a cobertura da axuda.
- c. A realizar mensual ou trimestralmente, en función da modalidade escollida por cada ANPA, o pago do importe das cantidades comprometidas polo Concello de Oleiros para os/as menores beneficiarios/as.
- d. Esixir a cada familia un compromiso da súa participación no copago así como de cumprimento das normas do comedor existente en cada centro.

V. As dúbidas que xurdan na interpretación do convenio serán resoltas polo concelleiro delegado de Servizos Sociais e Sanidade, previa proposta dunha comisión mixta do seguimento destas prestacións formada por representantes das ANPAS e o equipo técnico de Servizos Sociais.

VI. Como anexo a cada un dos convenios deberá figurar a seguinte documentación:

- Documento que acredite a capacidade de asinar o convenio en representación da ANPA
- DNI da persoa que asina o convenio
- Certificado da conta bancaria
- NIF da ANPA
- Copia das normas do comedor escolar

Como proba de conformidade, as partes intervintes asinan este convenio por duplicado.

Asdo.

O/A concelleiro/a de Servizos Sociais

Asdo.

O/A presidente/a da ANPA

ANEXO 4: MODELO DE COMPROMISO DA FAMILIA BENEFICIARIA DAS PRESTACIONS DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR

COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN
PRESTACIONS DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR

D/Dna., con DNI/NIE nº....., como pai/nai/
titor/a legal do/a menor:

1.-

2.-

3.-

4.-

COMPROMÉTESE A:

1.- Acudir regularmente e cumprir as condicións de uso do comedor escolar do

2.- Abonar mensualmente € en concepto de coparticipación do pago do comedor escolar.

3.- Levar a cabo os seguintes compromisos:

-

-

4.- Colaborar coa ANPA e cos Servizos Sociais do Concello de Oleiros no desenvolvemento das prestacións de apoio ao comedor escolar das que son beneficiario/a.

Asdo.

Pai/nai/tutor/a legal

Asdo.

Servizos Sociais do Concello de Oleiros"

Oleiros, 20 de xullo de 2016

O ALCALDE

ANGEL GARCIA SEOANE

2016/6180